

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES EN FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL O DEL DESARROLLO (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA) PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO E ÁS SÚAS FAMILIAS, E DO MANTEMENTO DE FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA E DAS SÚAS ENTIDADES FEDERADAS PARA O EXERCICIO 2026

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2026

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Eladio Fernández Pérez, presidente da Federación Gallega de Asociaciones en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual o del Desarrollo (en adiante FADEMGA Plena Inclusión Galicia) 
, que actúa en nome e representación da entidade co NIF G36620037, de acordo co nomeamento outorgado por acordo da Asamblea

Xeral o 21 de xuño de 2025, segundo o disposto nos artigos 26 e 28 dos seus estatutos, como así consta no rexistro de asociacións.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que FADEMGA Plena Inclusión Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2005/000147-2ª, sendo a súa finalidade a de defender os intereses en Galicia das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e das súas familias, así como fomentar a constitución de asociacións. A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa

social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-045.

V. Que FADEMGA Plena Inclusión Galicia ten como obxectivos, segundo os seus estatutos:

- a) Fomentar a constitución de Asociacións en todos aqueles lugares onde non se cubra a atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- b) Coordinar os obxectivos, actividades, recursos e posibilidades das súas entidades asociadas na protección das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, unificar criterios de acción e fomentar todo tipo de esforzos e actividades conxuntas.
- c) Representar aos seus integrantes ante as entidades públicas e privadas e demais organismos que se relacionan directa ou indirectamente coa problemática das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e, en particular, coa Confederación Plena inclusión España.
- d) Informar, aconsellar ou xestionar, todas aquelas cuestións que lle sometan as Asociacións interesadas.
- e) Apoiar ás familias para conseguir mellorar a súa calidade de vida e a dos seus membros con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- f) Facilitar tanta información xeral ou especializada sobre as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento estea ao seu alcance, fomentando estudos e proxectos, colaborando con universidades, organismos públicos ou privados e outros centros, promovendo accións de prevención, investigación e innovación.
- g) Promover a inclusión das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento nos ámbitos educativos, laboral e social, así como a súa participación plena na comunidade.

h) Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, loitando pola igualdade de oportunidades en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social. A Federación promoverá a atención ás mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento en situación de vulnerabilidade, levando a cabo accións de sensibilización, formación, prevención e intervención fronte a situacións de violencia de xénero, aliñadas coas políticas internas da Federación para a consecución efectiva deste obxectivo.

i) Promover a participación en programas e actividades dirixidas a menores con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento desde a infancia á adolescencia.

j) Promover a participación en programas e actividades dirixidas a persoas maiores, dependentes ou pensionistas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento ao longo do proceso de envellecemento.

k) Desenvolver programas e actividades dirixidos especificamente a calquera outro grupo de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, estranxeiras e/o en risco de exclusión social, promovendo a súa inclusión en todos os ámbitos da vida.

l) Desenvolver programas e actividades dirixidas a reducir a brecha territorial rural-urbano, así como as brechas xeracional, dixital e tecnolóxica das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias.

m) Desenvolver e participar en programas e actividades relacionados co fomento e a participación do voluntariado social.

n) Realizar campañas de divulgación e sensibilización ante a sociedade.

ñ) Velar polo bo nome e prestixio asociativo, denunciando publicamente aqueles casos que non cumpran na promoción das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias.

o) Calquera outro tipo de actividades relacionadas coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias. A actividade da Federación non estará restrinxida exclusivamente a beneficiar ás súas entidades asociadas, senón aberta a calquera outra posible beneficiaria que reúna as condicións e caracteres esixidos pola índole dos seus propios fins.

VI. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, dada a súa importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa Federación FADEMGA Plena Inclusión Galicia para contribuír a través da concesión dunha subvención directa de natureza nominativa ao financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes para o mantemento de FADEMGA Plena Inclusión Galicia e das súas entidades federadas para o exercicio 2026, así como doutros gastos da mesma natureza derivados da execución de programas destinados á atención de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e ás súas familias que a entidade ten previsto desenvolver durante o ano 2026.

VII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación FADEMGA Plena Inclusión Galicia aparece expresamente reflectida no estado de gastos na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, que concretamente no seu artigo 21, prevé a competencia da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a proposta, o impulso, a elaboración das bases, e a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a concesión directa dunha subvención destinada a desenvolver durante o exercicio 2026 uns programas de atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e ás súas familias, e o mantemento de FADEMGA Plena Inclusión Galicia e das súas entidades federadas, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

1. O obxecto do presente convenio é contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento por parte da Consellería de

Política Social e Igualdade do mantemento de FADEMGA Plena Inclusión Galicia e das súas entidades federadas, así como das actuacións que conforman os programas que ten previsto desenvolver a entidade a prol do colectivo de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, residentes na Comunidade autónoma de Galicia, e das súas familias no exercicio 2026.

2. As actuacións subvencionables divídense en catro áreas:

a) Área de atención ás entidades federadas. As entidades son o motor da Federación; as actuacións diríxense a fomentar a constitución de asociacións e a coordinación dos obxectivos, actividades, recursos e posibilidades das mesmas para a promoción das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias, mediante a:

1º Representación das entidades federadas e dos intereses das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e das súas familias.

2º Coordinación con e entre as entidades federadas.

3º Información e asesoramento ás entidades federadas en todas aquelas cuestións que a nivel lexislativo e administrativo o precisen.

4º Xestión de infraestruturas, equipamentos e servizos. Detectar as necesidades que as entidades poidan ter en relación a consecución ou mellora de infraestruturas, equipamentos ou servizos.

b) Área social na que se apoia a xestión de programas de atención a persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento. Nesta área só se imputa a xestión de programas de atención directa para persoas con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento, co fin de facilitarlles o apoio e as ferramentas que precisan para mellorar aqueles aspectos nos que poden ter carencias ou máis necesidades de apoio. En concreto, lévase a cabo a xestión dos seguintes programas:

1º Apoios autodirixidos: consiste en probar novos acompañamentos e apoios na comunidade e en contextos naturais a persoas con discapacidade

intelectual ou do desenvolvemento con alto risco de institucionalización. A través de formación e orientación online destinada ás ditas persoas farase o seu seguimento para a elaboración do seu plan persoal de apoios, que terán que desenvolver durante 6 meses.

2º Educación 2030: facilítase información e asesoramento a centros educativos e docentes sobre discapacidade e recursos educativos, posibilitando formación e estratexias para coñecer diferentes oportunidades formativas inclusivas e laborais orientadas ao futuro.

3º Apoio ás familias en situación de vulnerabilidade: ten por obxecto prestar apoio en temas como “soidade cero”, dende a propia Federación e na comunidade, facilitar espazos de encontro e dar formación ás familias das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, en concreto ás que se atopen en situación de vulnerabilidade.

4º Rede que aprende e conecta: consiste en impartir formación e actualizar contidos dirixidos aos familiares, profesionais e persoas voluntarias de xeito que lles posibilite adquirir novas competencias, coñecementos e ferramentas na atención ás persoas con discapacidade intelectual. A formación prestarase a través dos seguintes cursos online: Curso de redución de restricións e Curso de liderado na práctica.

5º Medrando na comunidade: consiste na realización dun seguimento do comportamento para coñecer novas maneiras de previr condutas problemáticas en nenos e nenas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, de entre 0 e 5 anos.

6º Maiores en acción: programa destinado a persoas con discapacidade intelectual entre os 45 e 64 anos. Este programa desenvólvese a través de dúas liñas de traballo, centrándose no cambio do actual modelo de coidados de longa duración a través de alternativas acordes ao modelo de dereitos, para aquelas persoas que sofren alto risco de verse institucionalizadas polas súas características persoais: maiores en acción para persoas maiores con discapacidade intelectual ou do

desenvolvemento en centros ocupacionais e acompañamento a persoas maiores en procesos de envellecemento ao final da vida.

7º A cada lado: este programa atende a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento con perfís moi concretos, con comportamentos conflitivos, presuntas autoras de feitos delituosos que se atopan no proceso penal, persoas que cumpran unha pena ou unha medida de seguridade e persoas que xa cumpriron unha pena ou medida de seguridade e están en proceso de reinserción social. A través deste programa acompañanse ás persoas con discapacidade intelectual nos procedementos xudiciais a fin de protexer os seus dereitos máis básicos, lévase a cabo un apoio e seguimento das persoas no cumprimento da súa pena ou medida xudicial, préstase apoio nas saídas programadas terapéuticas, préstase apoio no goce de permisos e no cumprimento de normas así como no momento no que as persoas acaden a liberdade definitiva co obxecto de facilitarlles os procesos de inclusión social .

8º Con bos apoios: atención a saúde mental de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento mediante a aplicación do programa AVICENA, que ten como finalidade reducir o uso innecesario de psicofármacos a través da formación e capacitación dos profesionais de apoio directo para que identifiquen problemas de saúde mental ou condutas preocupantes nas persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento ás que apoian.

c) Xestión da calidade. Dende o sistema de xestión da calidade aplícanse melloras na Federación, para garantir que todos os servizos e actuacións que se desenvolven cumpran cos máis altos estándares de calidade coa posta en marcha de procesos e medidas que permitan alcanzar unha xestión eficaz, eficiente e centrada nas persoas que repercuten na prestación de servizos e programas de calidade.

d) Comunicación. Medida estratéxica coa que se pretende contribuír á inclusión social das persoas con discapacidade intelectual e do

desenvolvemento ofrecendo unha visión positiva destas persoas e das súas familias mediante a planificación e execución de campañas enfocadas na plena inclusión e accións de sensibilización e relacións coa contorna, co fin de xerar conciencia social, combater estereotipos e visibilizar a realidade do colectivo, poñendo o foco na súa dignidade, dereitos e capacidades.

3. Non serán obxecto da concesión da subvención a través deste convenio aquelas actividades específicas organizadas pola Federación FADEMGA Plena Inclusión Galicia que non deriven do mantemento e funcionamento ordinario da propia entidade ou das entidades federadas.

Daráselle especial atención á muller con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que estea embarazada así como ás súas familias, en cumprimento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, polo que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.

No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades a subvencionar a través do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

SEGUNDA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actuacións de mantemento e dos programas a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para os mesmos programas e actuacións, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Presentación dun método de imputación de custos indirectos.

TERCEIRA. *Relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins dos programas e actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que, no seu caso, precise para o desenvolvemento das actuacións de mantemento e dos programas citados.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións de mantemento e as que forman parte dos referidos programas, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

CUARTA. *Orzamento*

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento dos programas que ten previsto desenvolver FADEMGGA Plena Inclusión Galicia así como para o seu mantemento e o das súas entidades federadas ascende á cantidade de 349.636,66€.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **douscentos sesenta e cinco mil catrocentos oitenta euros (265.480,00€)**, que serán

imputados á aplicación orzamentaria **08.04.312E.481.22**, código de proxecto 2015 00492 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

QUINTA. *Gastos imputables*

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o mantemento da entidade e das súas entidades federadas, así como para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. Para estes efectos consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os seguintes:

- a) Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización das actuacións a subvencionar ata un límite de 44.266,18€/ano por persoa traballadora a xornada completa. Este límite só se poderá superar en aplicación de conceptos retributivos incluídos nos convenios colectivos de aplicación. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.
- b) Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao desenvolvemento das actuacións a subvencionar e deberán ser moderados ata o límite establecido nas compensacións establecidas para o persoal da administración pública autonómica.
- c) Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas beneficiarias directas das actuacións realizadas pola entidade e derivados da asistencia aos mesmos cando o precisen e demanden.
- d) Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coas actuacións de mantemento da Federación FADEMGA Plena Inclusión e das

entidades federadas ou cos programas obxecto da concesión da subvención.

e) Gastos xerais de natureza corrente necesarios para o desenvolvemento das actuacións de mantemento da federación e das entidades federadas e dos programas subvencionados: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non están incluídos no alugueiro), comunicacións, limpeza, seguridade, seguros de responsabilidade civil.

f) O gasto do alugueiro dos locais nos que se desenvolvan as actuacións subvencionables a través deste convenio debidamente xustificado.

g) Os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización das actuacións obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexистраis e os gastos periciais para a realización das actuacións subvencionadas, así como os de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

Polo que se refire aos custos indirectos establecerase e xustificarse a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente a realización dos gastos.

SEXTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais

ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades de mantemento e dos programas a subvencionar a través do convenio, aportando a documentación prevista na cláusula oitava do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da

constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Xustificación dos gastos

1. Considerarase efectivamente pagado o gasto realizado cando se xustifique mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas as actuacións subvencionadas, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actuacións subvencionables a través do convenio, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións subvencionables desenvolvidas en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas beneficiarias e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos, diferenciando os dedicados a mantemento da federación e das entidades federadas, daqueles dedicados á prestación dos programas subvencionables a través do presente convenio.

2º Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación, e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicárase neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

Cando se trate de gastos en bens consumibles pode requirírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación coa actuación, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.

3º Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan os gastos de desprazamento derivados de acudir aos programas subvencionables que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.

4º Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.

5º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada a través deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

6º Os 3 orzamentos solicitados pola persoa beneficiaria, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 euros, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

7º Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

3. A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai

referencia na letra b) do número 2 e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o informe da revisión efectuada pola referida persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

- a) Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións de mantemento e dos programas subvencionadas previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula quinta, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.
- b) Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) do número 2, conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes.
- c) Verificación do cumprimento do disposto na cláusula novena en relación coas actividades subcontractadas, no seu caso.
- d) Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.
- e) Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- f) Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado ao financiamento do mantemento e dos programas

subvencionables a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

FADEMGA Plena Inclusión Galicia estará obrigada a poñer á disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

4. En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2026. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a xustificación do pagamento das nóminas de decembro, o documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT), e o documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro, e o IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2026, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2027.

5. Toda a documentación xustificativa dos gastos a subvencionar a través deste convenio deberá ser asinada pola persoa representante de FADEMGA Plena Inclusión Galicia.

NOVENA. Subcontratación

FADEMGA Plena Inclusión Galicia é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións

subvencionadas a través deste convenio para a súa debida execución, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actuacións previstas na cláusula primeira .

A subcontratación terá por obxecto, entre outras, a execución de actuacións de atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que FADEMGA Plena Inclusión Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2026.

FADEMGA Plena inclusión Galicia comunicará, no seu caso, a subcontratación á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. *Obrigas da entidade beneficiaria*

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actuacións e programas, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes,

tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polo presente convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións de mantemento e dos programas obxecto da concesión da subvención a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Así mesmo, de acordo co artigo 14.k) da citada lei, facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade

Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire esta cláusula será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumplan os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionadas a través do presente convenio que realizase FADEMGA Plena Inclusión Galicia dende o 1 de xaneiro de 2026 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa da subvención a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1,

letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións

estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de FADEMGA Plena Inclusión Galicia, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política
Social e Igualdade

O presidente da Federación
Gallega de Asociaciones en Favor
de las Personas con Discapacidad
Intelectual o del Desarrollo

Fabiola García Martínez

Eladio Fernández Pérez